

A LÍRICA MEDIEVAL I

1. Os xéneros

Lírica Relixiosa

→ Cantigas de Santa María →

Cantigas de loor
Cantigas narrativas



Lírica Profana

Xéneros maiores

Cantigas amorosas

Cantiga de amigo
Cantiga de amor

Cantigas de burlas

Cantiga de escarnio
Cantiga de maldizer

Xéneros menores

Pastorela
Tenzón
Pranto
Sirventés moral
Lais



AS CANTIGAS AMOROSAS

1. A CANTIGA DE AMIGO

1. Orixes: Como xorde a cantiga de amigo?

A cantiga de amigo constitúe a mostra máis antiga da lírica galego portuguesa, alén de ser o único xénero medieval autóctono. A súa orixe continúa a ser discutida na actualidade, se ben boa parte da crítica literaria coincide en sinalar como fontes das cantigas de amigo estes dous elementos:

✚ **A lírica popular.** Diferentes mostras literarias europeas certifican a existencia dunha canción de amor feminina que deu orixe a xéneros diversos en cada territorio, pero con características comúns, como, por exemplo, un suxeito lírico feminino que canta as súas penas amorosas.

✚ **As kharjas mozárabes.** Trátase de textos breves que constituían a parte final das *muwaxahas* (un tipo de poesía culta de tema e estrutura complexa), e que están escritos na lingua romance que utilizaban os andalusís, impropriamente chamada mozárabe. As kharjas, que datan dos séculos XI e XII, abordan temas como o lamento da ausencia do namorado (*habībī*), aínda que as protagonizan mulleres con maior liberdade que as da nosa lírica.



Vayse meu corachón de mib.
ya Rab, ¿si me tornarád?
¡Tan mal meu doler li-l-habib!
Enfermo yed, ¿cuánd sanarád?

Vaise o meu corazón de min.
Oh Deus, vaime volver?
Tan forte a miña dor polo amado!
Enfermo está, cando sanará?

Se ben a cantiga de amigo foi un xénero propio, inicialmente, dos xograres, co tempo, tamén os trobadores souberon apreciar a beleza da cantiga de amigo e compuxeron este tipo de cantigas.

2. Características

- Voz poética —→ A pesar de estar escritas por homes, nelas adoita falar unha muller nova, unha doncela (a amiga) que se dirixe ao seu namorado (o amigo), dun asunto amoroso.
- Ambientación en paraxes naturais —→ Podemos dicir que a cantiga de amigo é un xénero de ambientación rural. A paisaxe aparece idealizada en ambiente campestre e primaveral (flores, fontes, ríos, ribeiras, cervos..), ás veces coa presenza das ermidas, ou ambientación mariña, raro noutras tradicións literarias.



- Léxico popular e con arcaísmos (palabras xa en desuso na época na que foron escritas): *irmana, mañana, mano, avelana, color...*
- Uso abondoso de recursos de repetición: paralelismo, leixa-prén, refrán...
- Utilización de **símbolos** que na Idade Media todo o mundo entendía sen necesidade de explicación:

❖ **Auga** —→ Fertilidade, pureza, virxindade.



*Passa seu amigo, que lle ben quería:
O cervo do monte a auga volvía.
Leda dos amores, dos amores leda.*

❖ **Mar** —→ Paixón, desexo, isolamento da muller.

*Estando na ermida, ante o altar
Cercaron-mi as ondas grandes do mar.
Eu atendendo o meu amigo. E verrá?*

❖ **Baño/lavar** —→ Ritual erótico. Na Idade Media practicábase un baño ritual, chamado baño de amor, antes da primeira unión sexual dunha parella recién casada. De aí que lavar (os cabelos, a camisa...) poida interpretarse como preludio dun primeiro encontro e, polo tanto, tamén como indicio da virxindade.

*Vai lavar cabelos na fontana fría:
Passou seu amigo, que lle ben quería
Leda dos amores, dos amores leda.*



❖ **Cervo** —→ O cervo é un símbolo erótico masculino. Para entendérmonos: é o amigo. A razón de que se escollese este animal e non outro ten que ver seguramente coa violencia que manifesta durante a época de celo e cos seus cornos como expresión de atributos sexuais masculinos.

*Passa seu amigo, que lle ben quería:
O cervo do monte a auga volvía.
Leda dos amores, dos amores leda.*

- ❖ **Cabelos** —→ Virxindade. Durante a Idade Media, as mulleres solteiras podían levar o pelo descuberto, mentres que as casadas e as prometidas tiñan que tapalo cun veio. Por iso ás mozas virxes chamábaselles “doncelas en cabelos” e por iso a cabeleira e mais as trenzas (“garcetas” no galego medieval) representaban a virxindade:

- *Garcetas, las mias garcetas,
El-rei me enviou por elas!
Madre, que lles farei?
- Filla, dádeas a el-rei*



- ❖ **Fontana** —→ A fonte é, en moitas literaturas primitivas, lugar de encontro amoroso, por que? Á beira das fontes hai sempre vexetación, fertilidade, vida. Ademais, a auga, que deita delas, é símbolo de limpeza, de pureza e, xa que logo, de virxindade da moza.

*Levouse a belida, levouse a louçana:
Vai lavar cabelos na fría fontana.
Leda dos amores, dos amores leda.*

- ❖ **As doas** —→ Representan o compromiso entre os namorados, a fidelidade. A súa perda pode ser proba dun episodio de infidelidade.

*O anel do meu amigo
Perdi-o so-lo verde pino
E chor' eu, bela*



3. A forma da cantiga de amigo

a) A métrica medieval

A poesía medieval está pensada para acompañamento musical, isto explica a irregularidade aparente de moitos dos seus versos.

- 1) Cómputo silábico dos versos —→ Cóntase ata a última sílaba tónica.

enas verdes ervas 5a'

2) Clasificación dos versos:

❖ **Agudos** —————> Cántase ata a última sílaba.

e rompestes i o vestir 7 sílabas

❖ **Graves** —————> Cántase ata a penúltima sílaba.

tal vai o meu amigo 6 sílabas

3) Rima:

❖ **Asoante** —————> Preferida nas cantigas de amigo

*par Deus, coitada vivo
pois non vem meu amigo*

❖ **Consoante** —————> Preferida nas cantigas de amor e de burlas.

*mandad'ei comigo
ca vem meu amigo*

b) O refrán —————> Son os versos que se repiten literalmente despois de cada estrofa. Adoitan ter un número de versos inferior ao de cada estrofa, normalmente entre 1 e 3. Trátase dunha característica das cantigas de amigo que adoptaron moitas de amor e que aparecen tamén nas de burlas e nas cantigas de Santa María.

As cantigas que non levan refrán, como se parecían máis ás provençais, considerábanse máis perfectas e denomínanse de **mestría**.

*Ondas do mar de Vigo,
se vistes meu amigo?
E ai Deus, se ¹verrá cedo! ¹virá*

*Ondas do mar levado,
se vistes meu amado?
E ai Deus, se verrá cedo!*

c) O paralelismo —————> O paralelismo é unha forma que conxuga a **repetición** e a **variación**. Moi probablemente este recurso literario estaba estreitamente vencellado á música e case con seguridade utilizaríase tamén como recurso mnemotécnico para lembrar as letras á hora de ser cantadas.


Dependendo dos elementos lingüísticos que se repitan podemos distinguir entre os seguintes tipos de paralelismo:

- Literal —————> repetición de palabras
- Estrutural —————> repetición de estruturas sintácticas ou rítmicas
- Semántico —————> repetición de ideas, de significados

Nas cantigas de amigo o paralelismo pode ser:

a) **Imperfecto** —→ Prodúcese entre pares de estrofas, cando a segunda repite con variacións o contido da primeira.

PARALELISMO IMPERFECTO




b) **Perfecto** —→ Dáse cando esa repetición vai acompañada polo recurso do ¹leixaprén (vid. exemplo máis abaixo).

As variacións:

- Alternancia entre sinónimos: —→ *as aves ferir/as aves tirar*
- Alteración na orde de palabras: —→ *manhâs frías/frías manhâs*
- Equivalencia semántica —→ *leixalas guarir/nom as quer matar*
└ Isto é, negar nun verso o contrario do que se afirma noutro.

d) ¹**O leixaprén** —→ Está asociado ao paralelismo perfecto e prodúcese unicamente en cantigas cuxas estrofas están formadas por dous versos (**dísticos**). Consiste na repetición do segundo verso da 1ª Estrofa no primeiro da 3ª; o segundo da 2ª, no primeiro da 4ª; e así sucesivamente. Isto dota a cantiga dunha sensación de vaivén, “deixa-colle” como diríamos agora.

PARALELISMO PERFECTO



4.Temática

Temática base —→ A cantiga de amigo xira constantemente arredor dun motivo temático básico: **a ausencia do namorado e os efectos que esta ausencia produce na amiga**. Os distintos poemas exploran os estados da amiga (**a timidez, o pudor alborozado, as tristezas e ansiedades, a saudade, os celos, o desexo de vinganza, o arrepentimento, a compaixón, a impaciencia, os desacordos, o sentirse enganada, o orgullo de amar...**) e as relacións emocionais que establece con outros personaxes da cantiga (nai, irmás, amigas, confidentes...).

Temática complementaria —→ A partir da temática base as cantigas expresan unha serie moi limitada de situacións:



- **Lamento pola ausencia do namorado** —→ Porque foi levado lonxe (á guerra, á corte do rei...) ou prometeu encontrarse con ela nun lugar e data acordados e aparentemente rompeu a súa promesa. Incluímos tamén neste grupo os poemas que falan dun amor insatisfeito, non correspondido ou traidor.

- **O panexírico** —→ É o canto que a protagonista fai, ben da súa beleza, ben da excelencia poética do seu amigo. Esta temática pode entrar en combinación coas outras temáticas complementarias. Unhas veces ten presenza en toda a composición e outras pode ser case marxinal.



- **Tenta remover os obstáculos e prohibicións** —→ Vén definida pola imposibilidade do encontro entre os namorados, sexa pola intervención da nai, sexa por causas de forza maior
- **Amor correspondido** —→ Canta as alegrías do amor, unha vez que puido reunirse co amigo. Recrease na felicidade que lle produciu tal encontro.
- **Fai propósito de reunirse co namorado** —→ Imaxina a felicidade do encontro ao mesmo tempo que expresa a ansiedade polo desexo do encontro.

5. Subxéneros

a) **Mariñas ou Barcarolas** —→ Son cantigas de ambientación mariña, que introducen referencias ao mar e por extensión ao río. Todas teñen refrán e constrúense sobre estruturas paralelísticas. O mar actúa ben como símbolo da separación e o desexo dos namorados, ben como confidente das coitas da doncela.

*Ondas do mar de Vigo,
se vistes meu amigo?
E aí Deus!, se verá cedo?*

*Ondas do mar levado,
se vistes meu amado?
E aí Deus!, se verá cedo?*

*Se vistes meu amigo,
o por que eu sospiro?
E aí Deus!, se verá cedo?*

*Se vistes meu amado,
por que ei gran coidado?
E aí Deus!, se verá cedo?*



b) Cantigas de romaría —→ Fan referencia a algún santuario ou ermida. A ermida é o punto de encontro dos namorados ou o lugar onde a moza vai pedir ao santo que remate coa ausencia do amigo, pero non son cantigas de temática relixiosa.

A miúdo o ambiente de festa popular adquire tanta importancia coma o propio santuario, posto que na romaría as amigas poden expresar libremente a ansia de diversión e os sentimentos amorosos.

É posible que se trate de composicións de encarga, feitas por pedido de beneficiarios de determinados santuarios para facer propaganda e mover a xente ás peregrinacións.



Por fazer romaría ¹pug'en meu coração ¹empeñeime
a Santiag'un día, por fazer oraçón
e por veer meu amigo logu'i.

E, se fezer bon tempo e mia madre non for,
querrei andar mui leda e parecer melhor
e por veer meu amigo logu'i.

Quer'eu ora mui cedo provar se poderei
ir queimar mias candeas con gran coita que hei,
e por veer meu amigo logu'i.

c) As bailadas —→ Son aquelas que fan referencia ou invitan á danza. Están asociadas a miúdo ás da romaría porque o baile forma parte tamén da romaría. Ás veces pode aparecer a combinación co mar na serie:
mar + santuario + baile.


Todas elas presentan unha acusada musicalidade e un ritmo rápido que se reflicte no gran número de recursos de repetición, o que move a pensar que foron compostas para acompañar a danza.



Bailemos nós já todas três, ai amigas,
¹sô aquestas avelaneiras frolidas, ¹debaixo de
 e quem for velida, como nós, velidas,
se amigo amar,
sô aquestas avelaneiras frolidas
verrá bailar.

Bailemos nós já todas três, ai irmanas,
 sô aqueste ramo destas avelanas,
 e quem for louçana, como nós, louçanas,
se amigo amar,
 sô aqueste ramo destas avelanas
verrá bailar.[...]

d) Albas → Na tradición provenzal tiñan sempre como tema a separación dos amantes ao amencer despois de pasaren a noite xuntos. Na literatura galega só temos a cantiga de Nuno Fernández Torneol, que mestura a tradición provenzal coa cantiga de amigo. Nela os motivos da alba están utilizados simbolicamente para reflectir o remate da relación amorosa e os reproches da muller perante as traizóns do amigo.



¹Levad', amigo, que dormides as manhanas frías; ¹levantade
 toda-las aves do mundo d'amor dizían.
Leda m'and'eu.

Levad', amigo, que dormide-las frías manhanas;
 toda-las aves do mundo d'amor cantavan.
Leda m'and'eu.

Toda-las aves do mundo d'amor dizían;
 do meu amor e do voss'en ment'havían.
Leda m'and'eu.

Toda-las aves do mundo d'amor cantavan;
 do meu amor e do voss'i ²enmentavan. ²lembraban
Leda m'and'eu. [...]

6. Modos poéticos

a) Cantigas narrativas → A voz poética canta os asuntos amorosos sen dirixirse a ningún destinatario explícito.

*Levantou-s'a velida,
levantou-s'alva,
e vai lavar camisas
eno alto,
vai-las lavar ¹alva. ¹á alba*

*Levantou-s'a louçana,
levantou-s'alva,
e vai lavar ²delgadas ²camisas
eno alto,
vai-las lavar alva. [...]*

b) Cantigas monologadas → Nelas está explícita unha segunda persoa destinataria pero non intervén na cantiga.

*En San Momed', u sabedes
que viste-lo meu amigo,
oj' ouvera seer migo;
mía madre, ¹fe que devedes, ¹abofé
leixédesmho ir veer. [...]*

c) Dialogadas → Son aquelas nas que interveñen dúas ou máis voces.

*-Digades, filha, mia filha velida:
porque tardastes na fontana fría?
-Os amores ei.*

*-Digades, filha, minha filha louçana:
porque tardaste na fría fontana?
-Os amores ei.*

*-Tardei, mia madre, na fontana fría,
cervos do monte a augua volvían.
-Os amores ei. [...]*

7. Personaxes

A amiga —→ O trobador fai de intermediario da voz feminina protagonista que expresa toda unha variedade de estados psicolóxicos: **tristeza, angustia, cólera, ledicia, ciumes, desconfianza, enfado...**



O amigo. Pode presentar unha variedade de actitudes similar á da amiga. Polo xeral móstrase distante, afastado da doncela porque foi levado á guerra, porque non se permite que se reúna con ela, porque está embarcado, por ser desatento coa amiga, traidor que a engana con outra/s, coitado e triste por ser rexeitado...

Irmás/amigas. Actúan frecuentemente como confidentes. Nalgúns casos poden ser rivais amorosas.

Nai. Figura clave nun gran número de cantigas. Polo xeral, desaproba as relacións amorosas. Actúa entón como prohibidora que non permite ir á filla de romaría ou que simplemente lle impide que se reúna co amigo.



A natureza. Ademais de ser marco ou símbolo de moitas das cantigas de amigo, pode actuar como un personaxe máis, neste caso coa función de confidente da amiga.

